



O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS


Para o coñecemento e valoración dun territorio resulta prioritario dispoñer dunha axeitada sinalización que axude a localizar os lugares e a dirixirse a eles con precisión, con rapidez e con comodidade. En Galicia esta tarefa resulta se cabe máis necesaria, se temos en conta a amplísima rede viaria de diferentes tipos e competencias e a non menos abundante cantidade de entidades de poboación cos seus correspondentes topónimos. Todo isto, unido ás numerosas razóns que, ademais das propiamente vinculadas á comunicación de persoas e mercadorías, poden animar o tránsito pola nosa xeografía.

Santiago de Compostela, coas súas vinteoito parroquias e preto de trescentos lugares espallados polo seu territorio, é un bo exemplo da conveniencia de articular medidas para lograr unha sinalización o máis axeitada posible.

Con independencia de acometer unha completa planificación da sinalización indicativa das parroquias e lugares, mesmo coa incorporación das modernas tecnoloxías, tarefa que non se debe dilatar e na que, ao parecer, está a traballar o Goberno local, o Grupo Municipal Popular formula unha proposta que consideramos de interese para complementar, cando non servir ela mesma como solución, á hora de contribuír a determinar o nome de diferentes núcleos e zonas concretas do noso concello, en especial no medio rural.

Trátase de incorporar, mediante vistosos rótulos adheridos aos laterais das marquesiñas das paradas dos autobuses, o nome do lugar onde estas se emprazan, proporcionando así unha información de gran utilidade, non só para as persoas usuarias do servizo público de transporte, senón tamén de todas aquelas que percorran a rede viaria na procura de algún enderezo, algún elemento patrimonial ou polo simple pracer de gozar dun medio con múltiples posibilidades e cun gran poder de atracción.

Esta medida informativa foi incorporada hai anos nalgunhas das decenas de marquesiñas que se instalaron no noso Concello, das que aínda queda algunha mostra, e tamén foron incorporadas por algún que outro concello galego, pero non adoita figurar nas máis modernas instalacións coas que se foi dotando o noso servizo municipal de transporte no seu proceso de reposición e ampliación.



Conforme a estas razóns, o Grupo Municipal presenta o seguinte Rogo:

Que o Goberno local dea as instrucións precisas para incorporar progresivamente nas marquesiñas do transporte público de viaxeiros, especialmente nas radicadas no ámbito rural, un distintivo adhesivo que informe do nome do lugar (e mesmo da parroquia, se así se considera) onde se asenta, como medida para complementar o coñecemento e axudar no tránsito ao longo do territorio municipal.

Santiago de Compostela, a 9 de xuño de 2016.

Claudio Montiel Carracedo
Concelleiro do Grupo Municipal Popular

Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela